

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA O PROCESO SELECTIVO DUN/HA ORIENTADOR/A LABORAL (PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2021-2022) E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

SESIÓN DO 26/01/2022

Asistentes:

Presidente: María Mariño Poza

Vogais:

Benigno Piñeiro Sobrido

Margarita Sampedro Mariño

Cesar R. Tarela Pérez

Secretario: Martín Blanco Buceta

Na Casa Consistorial do Concello de Boiro, cando son as 14.00 horas do 26/01/2022, reúnense os membros do tribunal designado para o desenvolvemento do proceso selectivo dun orientador/a laboral (Programa Integrado de Emprego 2021-2022) e formación dunha bolsa de emprego.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 22 de decembro de 2021 e publicadas no BOP número 245 do 27 de decembro de 2021.

O obxecto desta sesión é a resolución de alegacións presentadas ós exercicios da oposición e valoración de méritos, outorga-las puntuacións definitivas e realizar a proposta de contratación.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN E Á VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1.- AGUSTIN PÉREZ TROITIÑO. Solicita revisión e valoración da seguinte formación complementaria:

Entidade	Curso	Horas	Autoponderación
Grupo Shiné – Universidade de Nebrija	Curso de Orientación Laboral	200	1,5 p
Universidade de Vigo	Introducción á Igualdade de Xénero	40	0,4 p
Universidad de Sevilla	Master Universitario en Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria	1500	2 p. Por ser un posgrado relacionado ca orientación laboral.

En relación ó apartado de formación complementaria as bases establecen: Valoraranse os cursos de formación relativos ás funcións a desempeñar no posto organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP).

Tendo en conta que os cursos aportados non están organizados e impartidos por estes, non procede a súa puntuación.

En relación ao Posgrao/master non é en orientación laboral, polo que non procede a súa valoración.

O tribunal acorda por unanimidade desestima-las alegacións presentadas polo candidato Agustín Pérez Troitiño.

2.- FATIMA MARIA GOMEZ CASAL Solicita revisión do exercicio da segunda proba da fase de oposición e revisión da puntuación outorgada na fase de concurso.

1.- Fase de oposición: o tribunal, no seu momento, acordou outorgarlle 6 puntos sobre 10 ó suposto práctico debido a que no punto dous había pouca definición nos obxectivos específico e no punto tres moi pouca definición nas diferentes fases de intervención (non se trata a posibilidade da homologación da súa titulación, non trata das competencias claves, non trata a posibilidade de diferentes saídas laborais coma por exemplo o autoemprego).

O tribunal acorda por unanimidade ratifica-la puntuación outorgada de 6 puntos no segundo exercicio á aspirante.

2.- Fase de concurso:

- Experiencia profesional: Segundo as bases se valorarán:

1- Servizos prestados como orientador/a laboral por conta allea na administración pública, a razón de 0,20 puntos por mes completo traballado, a xornada completa, cun máximo de 5 puntos.

2- Servizos prestados en Programas Integrados de Emprego distintos de orientador/a laboral con grupo de cotización do 1 ó 5, a razón de 0,15 puntos por mes completo traballado, a xornada completa, cun máximo de 5 puntos.

3- Servizos prestados como orientador/a laboral en empresas privadas, a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado, a xornada completa, cun máximo de 3 puntos.

Para acreditar este mérito deberá achegarse informe de vida laboral e contrato/s de traballo onde conste expresamente o posto.

No caso de que os servizos non fosen prestados a xornada completa, a puntuación aplicarase proporcionalmente á duración da xornada. Si non consta información sobre a xornada, non se poderá valorar este mérito.

Esta candidata aporta diversos contratos de traballo que non resultan valorables segundo as bases que rexen este proceso selectivo (mestra de xestión empresarial, formadora, profesora de formación empresarial e directora de obradoiro).

Os que sí deben valorarse son os dous contratos aportados coma orientadora laboral para e empresa Fundación de estudos e análises por un total de 581 días (rateados a xornada completa), polo que resulta 19 meses a valorar a 0,10 puntos/mes, polo que procede un total de 1,90 puntos e non de 0,60 puntos.

- Formación complementaria:

A candidata solicita que se lle valore un certificado de profesionalidade de docencia para a formación profesional para o emprego (que non procede porque non ven recolleito nas bases) e un curso de Lexislación Laboral que non se encadra na no especificado nas bases de selección que rexen este proceso selectivo.

Así, o tribunal por unanimidade acorda estimar parcialmente as alegacións presentadas por Fátima M^a Gómez Casal e outorgarlle 1,90 puntos no apartado de experiencia profesional.



3.- NATALIA CAROU FIGUEIRA: solicita que se lle valore a súa experiencia profesional como autónoma debido a que realiza tarefas de orientación profesional.

- Consta no informe de vida laboral como autónoma na epígrafe 7830 outra provisión de recursos humanos dende o 01/05/2007.

- Aporta dous contratos de prestación de servizos profesionais de marzo e abril de 2016 de asesoramento laboral e fiscal no que se manifesta que Natalia Carou está especializada na prestación de servizos cara o autoemprego, y gestión fiscal, económico-financiero contable, laboral y complementarios, e que o cliente está interesado en percibi-la prestación do servizo de asesoría laboral, fiscal e contable, no que aparecen 18 cláusulas, sendo unha delas a de "Asesoría Laboral a) Asesoramiento, orientación e información en materia social y laboral en los aspectos que sean exigidos por la legislación social, tanto de cara al autoempleo como a la contratación del personal requerido para su negocio."

Tendo en conta que presenta unha relación de 34 números de afiliación asignados en sistema RED, se descoñece a carga de desempeño do posto de orientador laboral tanto nos dous contratos aportados en particular e menos aínda nos 34 NAF's asignados, polo que resulta imposible calcula-la experiencia profesional valorable especificada nas bases.

O tribunal acorda por unanimidade destestima-las alegacións presentadas pola candidata Natalia Carou Figueira.

4.- TANIA PIÑEIRO HERMO: solicita que se lle valore a experiencia profesional e un curso avanzado de orientación laboral.

- Curso avanzado de orientación laboral, impartido polo consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a Xestión Universitaria, polo que non é baremable segundo as bases.

- Experiencia profesional:

Achega como documentación complementaria á presentada na instancia os seguintes contratos de traballo:

POSTO	EMPRESA	OBJECTO	Nº DÍAS
Traballadora social	FEAFES	Non consta	102
Prospector laboral	FEAFES	Desenvolvemento de traballos que inclúen tarefas de inserción, prospección e orientación laboral por aumento de proxectos	102
Educadora social	FEAFES	Atención integral, formación emprego e inclusión sociolaboral	474
Técnico medio	CCOO industria	Desenvolvemento actividade de orientación laboral e prospección laboral do proxecto Empreganav	141

No momento de presentación de instancias aporta un certificado de FEAFES relativo ao conxunto do seu período de contratacións dende o 01/07/2019 ata o 25/06/2021 (no que abranguen os tres contratos aquí detallados) no que especifican en xeral as funcións realizadas, polo que é imposible coñecer a que contrato pertence a función "Técnica do Programa Integrado de Emprego".

Relativo ao contrato de Técnico medio para a empresa CCOO, o obxecto deste contrato foi a realización da obra/servizo desenvolvemento actividade de orientación laboral e prospección laboral do proxecto Empreganav, polo que tampouco se pode coñecer con exactitude a porcentaxe de traballo realizado como orientadora laboral.

Polo que, o tribunal acorda por unanimidade desestima-las alegacións presentadas pola candidata



Tania Piñeiro Hermo.

2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS

Unha vez sumadas as puntuacións dos candidatos que superaron o primeiro e segundo exercicio da fase de oposición, resultan as seguintes:

N.º	NOME	FASE OPOSICIÓN	MÉRITOS	PUNTUACIÓ N FINAL
		MÁX. 20 p.	MÁX. 9 p.	
1	AGUSTIN PÉREZ TROITIÑO	14,00	0,00	14,00
2	ALBA PEREZ FERNÁNDEZ	10,60	0,00	10,60
3	ANDREA BEIRO ESTEVEZ	13,60	0,00	13,60
4	ANNYA FIORELLA MELGAR ROCCA	11,40	0,00	11,40
5	CESAR CORTIÑAS CASAL	15,80	9,00	24,80
6	CRISTINA CABO GÓMEZ	16,40	7,00	23,40
7	EMMA OUVIÑA CASTRO	11,60	0,00	11,60
8	EVA DIEGUEZ TABOADA	11,40	4,00	15,40
9	FATIMA MARIA GOMEZ CASAL	13,60	1,90	15,50
10	FRANCISCO JOSÉ ABUIN GARCÍA	14,60	4,30	18,90
11	M. ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	13,40	2,00	15,40
12	NATALIA CAROU FIGUEIRA	16,20	0,00	16,20
13	NOELA CES COMOJO	12,20	3,10	15,30
14	SERGIO POLIN ROMERO	14,80	0,00	14,80
15	TANIA PIÑEIRO HERMO	13,00	2,00	15,00

3.- PROPOSTA BOLSA DE EMPREGO

Así, o tribunal, por unanimidade, acorda propoñe-la contratación do candidato **D. Cesar Cortiñas Casal** para o posto de orientador laboral (Programa Integrado de Emprego 21/22) así como establecer a seguinte listaxe para a formación da bolsa de emprego:

N.º	NOME	Total puntos
1	CRISTINA CABO GÓMEZ	23,40
2	FRANCISCO JOSÉ ABUIN GARCÍA	18,90
3	NATALIA CAROU FIGUEIRA	16,20
4	FATIMA MARIA GOMEZ CASAL	15,50
5	EVA DIEGUEZ TABOADA	15,40
6	M. ASUNCIÓN PIÑEIRO FERNÁNDEZ	15,40



	NOELA CES COMOJO	15,30
7	TANIA PIÑEIRO HERMO	15,00
8	SERGIO POLIN ROMERO	14,80
9	AGUSTIN PÉREZ TROITIÑO	14,00
10	ANDREA BEIRO ESTEVEZ	13,60
11	EMMA OUVIÑA CASTRO	11,60
12	ANNYA FIORELLA MELGAR ROCCA	11,40
13	ALBA PEREZ FERNÁNDEZ	10,60

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 15:00 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

Benigno Piñeiro Sobrido

Margarita Sampedro Mariño

Cesar R. Tarela Pérez

Martín Blanco Buceta

